

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 30/06/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/06/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de maio de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de maio de 2022.

3. Toma de coñecemento do novo voceiro do Grupo Político Municipal do BNG e da súa representación nos órganos colexiados e comisións informativas municipais.

4. Aprobación se procede do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2022 (OPAS Nº D/2021/9) que contén a relación de facturas F/2022/69 que suman un importe global de 177.515,63 €, con cargo as aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2022

5. Aprobación se procede dos expedientes de modificación de créditos por Crédito Extraordinario Nº02/CE/2022, e por Suplemento de Crédito Nº 02/SC/2022 financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

6. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza Municipal de Circulación para introducir a regulación dun asento adicional ou remolque arrastrado por bicicletas

7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas

8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa ao mantemento da vía de música e artes escénicas dentro da modalidade de Bacharelato de Artes no IES do Carril

9. Aprobación, se procede, da Moción conxunta presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos Marea da Vila en apoio á campaña da ILP Esenciales

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o desenvolvemento dos dereitos das persoas trans e LGTBI.

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o control e coidado das colonias felinas

12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para a transferencia da competencia sobre a xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre.

13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para a mellora da limpeza, o mantemento e a seguridade na contorna do SUPECO

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

15. Mocions presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Antes do comezo da sesión, a petición da Concelleira Dona M^a de la O Fernández González gárdase un minuto de silencio, en relación coa traxedia ocorrida hai uns días no intento de cruce de migrantes á cidade de Melilla, que se saldou con varias decenas de mortos.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 26 DE MAIO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de 26 de maio de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MAIO DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación proxecto de obras
- 1 Avogación puntual competencia delegada na XGL
- 3 Aprobación pregos de licitación
- 8 Modificación de créditos
- 2 Alta no rexistro de animais potencialmente perigosos
- 8 Concesión de licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Envío vehículos abandonados a centro autorizado
- 1 Comunicación Xunta de Galicia Substitución Secretaria Xeral
- 1 Aboamento servizos prestados en domingo, festivos e nocturnidade
- 1 Corrección erro servizos prestados domingo, festivos e nocturnidade
- 9 Gratificación substitución posto de categoría superior
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 1 Vacacións conserxes colexios
- 1 Oferta de emprego público estabilización 2022
- 1 Festividade de Santa Rita
- 4 Taxa publicación anuncio BOP ou DOG
- 2 Recurso contencioso administrativo
- 1 Aprobación plan de seguridade e saúde obras
- 20 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
- 6 Estimación compensación de débedas
- 8 Estimatoria de recibos
- 4 Estimatoria bonificación IBI
- 15 Estimatoria liquidacións e baixas
- 4 Estimatoria rateo no IVTM
- 25 Estimatoria pagos duplicados
- 4 Estimatoria IIVTNU

16 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
3 Pago comisións bancarias
4 Pago expedientes Tesourería
12 Pago expedientes Intervención
1 Pago préstamo bancario
1 Comunicación previa para inicio de actividade
1 Desestimación alegacións en relación adaptación licenza de Café-Bar
4 Dación de conta de asimilación de actividade Decreto 124/2019
5 Dación de conta de cambio de titularidade de actividade
18 Deber de conservación
1 Desestimación alegacións
6 Orde execución malezas
15 Reposición da legalidade urbanística
1 Expediente sancionador horario
2 Declaración ineficacia comunicación previa
4 Conformidade a proxecto de execución
3 Prórroga para execución de obras
1 Renovación permiso vertido Rúa Valle Inclán
2 Licenza para agrupación e/ou segregación
4 Desestímulo realización de obras
1 Corrección erro resolución situación vado
1 Solicitude Plan despliegue fibra óptica no Concello
14 Licenza de obra menor
2 Licenza para legalización de obras
11 Licenza de obra maior
40 Comunicación previa obras

TOTAL: 308

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO NOVO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG E DA SÚA REPRESENTACION NOS ÓRGANOS COLEXIADOS E COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do nomeamento do novo voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, e da súa representación nos órganos colexiados e Comisións Informativas.

O Grupo Municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa pon en coñecemento do Pleno da Corporación tras a toma de posesión como concelleiro, de Xosé Lois Leirós Gude, o pasado mes de abril, as modificacións na conformación das comisións informativas e nos órganos colexiados.
COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MOBILIDADE

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

CONSELLO LOCAL DA MULLER

Titular: Xosé Lois Leirós Gude
Suplente: María Eulalia González Martínez
FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPIIS
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
FUNDACIÓN FEXDEGA
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO LOCAL DE CONSUMO
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMENTO DO ACORDO MARCO E
CONVENIO COLECTIVO
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO VECIÑAL
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
Titular: Xosé Lois Leirós Gude
CONSELLO ESCOLAR IES O Carril
Titular: Xosé Lois Leirós Gude

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 02/REC/2022 (OPAS Nº D/2021/9) QUE CONTÉN A RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/69 QUE SUMAN UN IMPORTE GLOBAL DE 177.515,63 €, CON CARGO AS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extrajudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Vista a existencia de xustificantes de gasto correspondentes a gastos realizados no exercicio 2021 derivados de contratos menores de subministro de enerxía eléctrica das empresas subministradoras Gas Natural Comercializadora, S.A e COMERCIALIZADORA REGULADORA, GAS&POWER, S.A e que tiveron entrada no rexistro contable no último trimestre do 2021, que non puideron ser tramitadas con anterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, ben pola falta de comprobación das mesmas, pola complexidade e características do gasto e dada a deficiencia de persoal existente no servizo que produciu problemas e retrasos na tramitación dos expedientes, ben pola falta de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a

nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de facturas anexa á providencia de alcaldía por importe de 177.515,63€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2022/129 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2022 por importe de 177.515,63€ con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2022, das operacións derivadas dos xustificantes incluídos na relación de facturas Nº: F/2022/69 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 177.515,63€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2022 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2022, das operacións derivadas dos xustificantes incluídos na relación de facturas Nº: F/2022/69 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 177.515,63€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2022.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(5), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2022, das operacións derivadas dos xustificantes incluídos na relación de facturas Nº: F/2022/69 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 177.515,63€, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2022 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº02/CE/2022, E POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 02/SC/2022 FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

Mediante Providencia da Alcadía incoáronse os seguintes expedientes:

Nº 02/SC/2022 e Nº02/CE/2022 de modificación de crédito por suplemento de crédito e crédito extraordinario, financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, respectivamente desagregados do seguinte xeito e para atender aos seguintes gastos:

1. Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe
320	22100	Enerxía eléctrica	15.000,00
320	22103	Combustibles e carburantes	15.000,00
Total 320			30.000,00
334	203	Aluguer carrozas	16.698,00
334	22609	Cine na rúa	15.000,00
334	48201	Convenio aniversario gato negro	6.000,00
334	63200	Fondo (telón) auditorio	12.705,00
Total 334			50.403,00
338	22609	Festas	61.285,39
Total 338			61.285,39
342	410	Transf corcte fundación-gastos luz	40.000,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalación para instalación xaula	15.647,72
Total 342			285.233,72
931	22706	Estudos e fomento empregos	3.000,00
Total 931			3.000,00
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
Total 1530			200.000,00
2312	22610	Actividades en igualdade	10.000,00
Total 2312			10.000,00
3261	22110	Enerxía eléctrica	20.000,00
Total 3261			20.000,00
4311	22610	Achega actividades	64.597,00
Total 4311			64.597,00
TOTAL			724.519,11

2- Aplicacións que se dotan de crédito:

GRUPO	ECCA	Denominación	IMPORTE
171	60900	Parques e xardiños-outras inversións. Pump track	48.388,17
Total 171			48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
Total 312			1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
Total 342			32.895,60
454	203	Camiños medio rural-aluguer inst e utillaxe	15.000,00
Total 454			15.000,00
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo casa consistorial	14.129,45
Total 920			14.129,45
934	359	Outros gastos financeiros	12.000,00
Total 934			12.000,00

1530	609	Outras inversións novas en infraestruturas e bens. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total 1530			37.628,91
4311	470	Achega anualidade 2022 bonos	9.375,00
Total 4311			9.375,00
TOTAL			1.326.823,89

O que se pretende con este expediente é dotar os créditos necesarios para acometer actuacións urxentes para as que non existe crédito suficiente e axeitado no orzamento 2022.

Os créditos extraordinarios propostos no presente expediente obedecen á necesidade de realizar determinados proxectos necesarios para atender demandas da cidadanía e dos servizos municipais para a mellora dos servizos que se ofrecen.

Pola súa parte o Suplemento de crédito proposto é necesario por tratarse de proxectos e/ou aplicacións para os que os fondos existentes non son suficientes.

Trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento non existe crédito suficiente e axeitado.

Tendo en conta os fondos existentes derivados do Remanente líquido de tesourería para gastos xerais axustado que ascende a 2.251.343,21€, e que constitúen un recurso que pode financiar os aumentos e cambios que se propoñen , ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Constando informe favorable da intervención municipal das modificacións propostas, esta Alcaldía, co obxecto de atender aos gastos anteriormente descritos propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 02/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do orzamento vixente para atender os gastos indicados por contía de 724.519,11€.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 02/CE/2022 de crédito extraordinario financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de 1.326.823,89€ para atender os gastos descritos.

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a as actuacións afectadas que de seguido se indican:

Aplicación orzamentaria gastos	Denominación do proxecto	Orzamento	
334	63200	Fondo (Telón) auditorio	12.705,00
342	63200	Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalación para instalación xaula	15.647,72
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
171	60900	Construcción Pump truck	48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo casa consistorial	14.129,45
1530	609	Outras inversións novas en infraestruturas e bens. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total inversións			1.748.387,61

CUARTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente N°02/CE/2022 de créditos extraordinarios financiados con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.
- Expediente N° 02/SC/2022 de suplemento de crédito financiados con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO para o 2022 de

forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación dos expedientes de modificación de créditos por Crédito Extraordinario N°02/CE/2022, e por Suplemento de Crédito N° 02/SC/2022 financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP(5), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente n° 02/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do orzamento vixente para atender os gastos indicados por contía de 724.519,11€.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente n° 02/CE/2022 de crédito extraordinario financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de 1.326.823,89€ para atender os gastos descritos.

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a as actuacións afectadas que de seguido se indican:

Aplicación orzamentaria gastos	Denominación do proxecto	Orzamento	
334	63200	Fondo (Telón) auditorio	12.705,00
342	63200	Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalación para instalación xaula	15.647,72
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
171	60900	Construcción Pump truck	48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo casa consistorial	14.129,45
1530	609	Outras inversións novas en infraestruturas e bens. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total inversións			1.748.387,61

CUARTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente N°02/CE/2022 de créditos extraordinarios financiados con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais.
- Expediente N° 02/SC/2022 de suplemento de crédito financiados con Remanente líquido

de tesourería para gastos xerais.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO para o 2022 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN PARA INTRODUCIR A REGULACIÓN DUN ASENTADO ADICIONAL OU REMOLQUE ARRASTRADO POR BICICLETAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concellería de urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, do seguinte teor:

A Ordenanza Municipal de Circulación regula no capítulo 6 a "circulación de ciclos, ciclomotores, motocicletas, patíns, monopatíns e bicicletas", a devandita regulación non contempla a posibilidade de acoplar á bicicleta un asento adicional, un remolque ou semiremolque, caixa dianteira sobre unha ou dúas rodas ou outros elementos.

O Colectivo Arousa en Bici, ven demandando que se contemple esa posibilidade, de cara a adaptar a Ordenanza de Circulación á realidade actual do municipio que conta con ciclovías e fan máis factible o uso das bicicletas con asentados ou remolques tanto polas vías urbanas, como polas vías ciclistas.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1) Modificar inicialmente a Ordenanza Municipal de Circulación, introducindo no artigo 18 un novo apartado co nº 10, coa seguinte redacción:

"As bicicletas poderán transportar carga, mascotas e cando o conductor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, menores de ata sete anos en asentados adicionais, remolque ou semirremolques, caixa dianteira sobre unha ou dúas rodas, ou outros elementos acoplados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estos dispositivos estipulen. En vías urbanas ou en vías ciclistas. Os menores terán que levar casco obrigatoriamente. Ditos remolques deberán ser visibles nas mesmas condicións establecidas para as bicicletas no artigo 18.2, desta Ordenanza.

2) Someter a presente modificación a información pública no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles.

Vilagarcía de Arousa, á data da sinatura electrónica.

A Concelleira

Paola María Mochales.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Municipal de Circulación para introducir a regulación dun asento adicional ou remolque arrastrado por bicicletas.

Dáse conta da presentación polo Concelleiro do grupo político municipal de Ciudadanos da

seguinte emenda de adición:

Incluír o seguinte apartado ao final do novo texto:

As bicicletas en circulación deberán gardar unha distancia de 1 m. dos peóns e das fachadas das edificacións.

Polo Grupo de Goberno aceptase a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde , a proposta coa emenda, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

1) Modificar inicialmente a Ordenanza Municipal de Circulación, introducindo no artigo 18 un novo apartado co nº 10, coa seguinte redacción:

"As bicicletas poderán transportar carga, mascotas e cando o conductor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, menores de ata sete anos en asentos adicionais, remolque ou semirremolques, caixa dianteira sobre unha ou dúas rodas, ou outros elementos acoplados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estos dispositivos estipulen. En vías urbanas ou en vías ciclistas. Os menores terán que levar casco obrigatoriamente. Ditos remolques deberán ser visibles nas mesmas condicións establecidas para as bicicletas no artigo 18.2, desta Ordenanza.

As bicicletas en circulación deberán gardar unha distancia de 1 m. dos peóns e das fachadas das edificacións.

2) Someter a presente modificación a información pública no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona Veronica M^a Maneiro Casal, en representación da Directiva "As Briñas" do IES do Carril, en relación coa moción presentada polo BNG para o mantemento da vía de Música e Artes Escénicas no Bacharelato de Artes do IES O Carril.

A Sra. Maneiro Casal non pode asistir ao Pleno polo tanto non pode participar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO DA VÍA DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS DENTRO DA MODALIDADE DE BACHARELATO DE ARTES NO IES DO CARRIL.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta de Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa data de 16 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Moción relativa ao mantemento da Vía de Música e Artes Escénicas dentro da modalidade de Bacharelato de Artes que se oferta no IES O Carril

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa, a través do seu voceiro D. Xosé Lois Leirós Gude, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica de Educación (LOE) aprobada no ano 2006, estableceu tres modalidades de Bacharelato: Artes (con dúas opcións: Artes Plásticas, Deseño e Imaxe e Artes Escénicas, Música e Danza), Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

Con posterioridade, a través da Orde do 1 de agosto de 2011, DOG do 23 de agosto, o IES Miguel Ángel González Estévez – no momento de presentación desta moción xa IES O Carril- foi autorizado a incluír, dentro da modalidade de Bacharelato Artístico que xa viña impartindo, a vía de artes escénicas, música e danza.

En 2013 a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) unificou as dúas vías do Bacharelato de Artes nunha soa. Con todo, o Centro continuou impartindo as materias propias da vía de artes escénicas, música e danza, como materias de libre configuración, dentro das opcións de matrícula do alumnado dos dous niveis de bacharelato: Artes Escénicas, Historia da Música e da Danza, Linguaxe e Práctica Musical e Música e Expresión Vocal; materias que contaron con demanda suficiente, profesorado con destino definitivo e horario para seren impartidas.

A nova Lei de educación LOMLOE, publicada en 2021, recoñece unha vez máis, separadamente, ámbalas dúas vías baixo as denominacións de Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño; e Vía de Música e Artes Escénicas.

Porén, e en relación ao vindeiro curso 2022/23, dende Inspección educativa veñen de informar que ao IES O Carril non se lle vai autorizar a impartición da recuperada Vía de Música e Artes Escénicas na modalidade de Bacharelato de Artes, decisión que conta coa oposición do Claustro de profesorado e o Consello Escolar do IES O Carril.

De se levar a cabo, sería unha medida a todas luces inxusta cara un Centro, o IES O Carril, que é o único IES das comarcas do Salnés e do Barbanza que, tendo sido pioneiro nesta modalidade, veu mantendo esa oferta educativa até a actualidade; que dende o primeiro momento contou -e conta- con alumnado, recursos e profesorado. E que se sitúa como referente para unha contorna – a da ría de Arousa- tan ligada historicamente á cultura musical e escénica, pois son centos os cativos, mozos e mozas que actualmente están vinculados en distintos niveis e graos a algunha ensinanza regrada, ou non, deste ámbito: desde o Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa, ás Escolas Municipais de Música de Vilagarcía de Arousa e outros concellos (Catoira, Vilanova, Cambados, Illa de Arousa, Valga), pasando por Escolas de Música, Danza e Arte Dramático de Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove, Boiro.... e mesmo asociacións de música tradicional (Nós de Sobradelo, Malveiras, A Fonte Fría, O Gato Negro, Guillán...) ou Bandas e Orquestras (Vilagarcía de Arousa, Ribadumia, Cambados, Barro, Catoira, Valga, Rianxo, Ribeira...)

Por canto antecede, propónse do Pleno da Corporación a adopción o seguinte ACORDO:

Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á autorización da impartición da Vía de Música e Artes Escénicas, dentro da modalidade de Bacharelato de Artes, no IES O Carril, tal e como solicitan o Claustro de profesorado e o Consello Escolar de dito

Centro.

Que esta autorización teña carácter efectivo xa no curso académico 2022/23, e posteriores, ao contar o Centro coa demanda e recursos humanos, materiais e de espazos suficientes.

Vilagarcía de Arousa, 16 de xuño de 2022

Xosé Lois Leirós Gude

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG relativa ao mantemento da Vía de Música e Artes Escénicas dentro da modalidade de Bacharelato de Artes no IES DO CARRIL.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG e:

Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades á autorización da impartición da Vía de Música e Artes Escénicas, dentro da modalidade de Bacharelato de Artes, no IES O Carril, tal e como solicitan o Claustro de profesorado e o Consello Escolar de dito Centro.

Que esta autorización teña carácter efectivo xa no curso académico 2022/23, e posteriores, ao contar o Centro coa demanda e recursos humanos, materiais e de espazos suficientes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA EN COMÚN E PODEMOS MAREA DA VILA EN APOIO Á CAMPAÑA DA ILP ESENCIALES. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila coa data de 20 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Moción en apoio á petición á campaña da ILP Esenciales.

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recousó e a voceira do Grupo Municipal de Podemos- Marea da Vila, María de la O Fernández González, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Exposición de Motivos.

De acordo coas estimacións máis recentes, no estado Español residen de forma irregular entre 390.000 e 470.000 persoas, das cales unha terceira parte serían menores de idade.

O sistema de acceso á residencia contemplado na lei de estranxeiría LO 4/2000 resulta insuficiente e limitado e non se axusta á realidade actual das persoas migrantes que viven e traballan no estado e en Galicia. Por unha banda os criterios de acceso á residencia son altamente restritivos e de moi difícil cumprimento, e por outra, o procedemento administrativo implementado é lento, burocrático e conta cun elevado marxe de discrecionalidade á hora de conceder as autorizacións ou renovacións.

Esta dinámica xera unha espiral de vulnerabilidade e desprotección que acrecenta a exclusión social e impacta no conxunto da sociedade. Por isto

consideramos imprescindible a busca de mecanismos que garantan que ditas persoas podan saír da situación de invisibilidade e "non dereitos" como consecuencia do estatus migratorio irregular. Razóns que xustifican unha regularización extraordinaria:

En primeiro lugar, o respecto dos dereitos fundamentais de cada ser humano, A irregularidade supón unha condena á explotación laboral, á invisibilidade fronte ás institucións, á desprotección legal ou á exclusión de facto dos servizos públicos esenciais como a educación e a sanidade.

En segundo lugar, a perda dun gran aporte económico e fiscal para o conxunto da sociedade. Por un lado, a irregularidade impide a moitos migrantes contribuír dignamente con capacidades que son esenciais para o sostemento da sociedade. Por outro, a economía sumerxida limita as contribucións fiscais dos traballadores a través dos impostos indirectos do que consumen. Unha regularización afloraría, rápida e eficazmente, o gran potencial dos seus impostos directos e das contribucións de empregados e empregadores ao sistema da Seguridade Social. Unha estimación recente da Universidade Carlos III suxire que esta aportación media dos traballadores regularizados incrementaríase por riba dos 2.250€ netos por persoa e ano.

Finalmente, a existencia de cerca de medio millón de persoas fora do radar das institucións e da planificación dos servizos públicos supón un déficit de gobernanza pública que é urxente corraxir. Cada unha destas razóns ten multiplicado a súa relevancia durante os meses da pandemia, onde as comunidades de migrantes en situación irregular teñen dado a cara pola sociedade en sectores imprescindibles como o dos coidados, o reparto a domicilio ou a recolleita de froita e verdura. Con isto pagaron un altísimo prezo en forma de contaxios e mortes. A nosa sociedade ten unha débeda de gratitude cun dos seus colectivos mais vulnerabilizados.

A política migratoria non pode permanecer escindida da realidade socioeconómica do país e de todas as persoas que compoñen en constrúen o seu día a día. A regularización extraordinaria permitirá visibilizar a totalidade da poboación migrante que reside no conxunto do estado, compensar as desigualdades que presentan como punto de partida, e á vez, garantir dereitos laborais en condicións de igualdade, reducindo situación de abuso e explotación.

Este mecanismo de regularización extraordinario ten sido utilizado por un importante número de países ao longo das últimas décadas, so na UE entre 1996 e 2008 leváronse a cabo 43 programas de regularización en 17 Estados membros. As regularizacións máis recentes foron realizadas por Portugal e Italia en plena pandemia, unha resposta apoiada polo Relator Especial da ONU para os dereitos humanos das persoas migrantes.

España ten concedido durante a última etapa democrática seis procesos de regularización, catro levados a cabo polo Partido Socialista e dous polo Partido Popular.

Esta proposta é coherente cos compromisos internacionais, é respectuosa co ordenamento xurídico español, evitando afectar a materia orgánica. Segundo o disposto, tanto na Lei Orgánica 3/1984 Reguladora da Iniciativa Lexislativa Popular, como no artigo 87.3 da Constitución Española, non proceden iniciativas lexislativas populares en materias propias de leis orgánicas. Pola súa parte, o artigo 81 establece que son leis orgánicas, entre outras, as relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais que a Constitución Española establece nos artigos 15 ao 29.

Esta proposta límitase a modificar, en un artigo único, a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Esta disposición transitoria non ten natureza orgánica, xa que non regula ningún dos dereitos fundamentais que se relaciona nos artigos 15 a 29 da Constitución Española. Isto é confirmado pola propia lei Orgánica 4/2000, que na súa disposición final cuarta, outorga á disposición transitoria mencionada un carácter non orgánico.

Este carácter non orgánico da disposición transitoria mencionada permite, polo tanto, que sexa modificada por unha iniciativa lexislativa popular, con rango de lei, sen afectar materia orgánica.

A disposición transitoria orixinal ordenaba ao Goberno o establecemento dun procedemento para unha regularización extraordinaria que fose decretada polo Goberno en Real Decreto 239/2000. A modificación que se propón, modifica as datas e insta de novo ao Goberno ao establecemento dun novo procedemento para unha nova regularización.

O novo contido desta disposición mantén o seu carácter non orgánico, xa que na súa redacción é idéntica á disposición transitoria orixinal, salvo no cambio de datas. Ademais, mantén o seu carácter transitorio xa que segue establecendo un mandato nun momento concreto, sen ser un

cambio permanente da lei. Por outro lado, esta iniciativa é respectuosa coas reservas regulamentarias establecidas pola lei Orgánica 4/2000, xa que non existe ningunha reserva que impida que, por lei, se ordene ao goberno o establecemento dun procedemento regulamentario para unha regularización. De feito, aínda que a lei Orgánica 4/2000 especifica, ata en 59 ocasións, as materias que deben ser reguladas regulamentariamente, sendo na súa maior parte precepto de materia orgánica, unicamente é na disposición transitoria primeira, onde, nun precepto con rango de lei, ordena ao goberno establecer un procedemento regulamentario para unha regularización.

Convén destacar ademais que o Goberno, pola súa parte, non só realizou a regularización que foi ordenada pola mencionada disposición transitoria, senón que realizou unha segunda regularización, establecida na disposición transitoria terceira do Real Decreto 2393/2004 que non obedecía a mandato legal algún. Debe entenderse que si se ten decretado unha regularización, sen ter sido ordenada por unha norma de rango orgánica ou por unha norma ordinaria, debe tamén poder ordenarse pola presente iniciativa lexislativa que ten rango de lei.

Finalmente, convén resaltar que, aínda que tradicionalmente as regularizacións extraordinarias realizadas polo goberno do estado se teñen producido con ocasión de cambios normativos, non hai ningún precepto legal que impida unha regularización noutras circunstancias.

Por todos estes motivos, debe entenderse que a presente iniciativa lexislativa popular debe poder ordenar ao goberno o establecemento dun procedemento regulamentario para unha regularización extraordinaria. Ademais, esta proposta está estreitamente aliñada con acordos e iniciativas internacionais no que España se ten comprometido de xeito solemne.

Estes inclúen a Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible (obxectivo 10) o Pacto Mundial para unha Migración Segura, Ordenada e Regular e o vixente Pacto Europeo sobre Migración e Asilo, asinado en 2008. A proposta para a reforma deste último –proposto pola Comisión Europea o 23 de setembro do 2020- non establece ningunha prohibición ou limitación deste tipo de procesos de regularización, sempre que se sigan facendo caso por caso, como propón esta iniciativa. Sobre isto pronunciouse a Comisaría de Interior da Unión Europea, reafirmando a competencia e conveniencia de que os países impulsen procesos de regularización tomando en conta as circunstancias da pandemia.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila propoñen a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda:

Primeiro.- Apoiar a campaña da iniciativa lexislativa Popular (ILP) "ESENCIALES" para unha regularización extraordinaria de persoas migrantes no Estado Español adheríndose, ademais, á mesma co propósito de colaborar na súa difusión e comprometéndose a organizar actividades de información, sensibilización e concienciación, así como actos de recollida de firmas para a ILP.

Segundo.- Apoiar o seguinte TEXTO ARTICULADO DA PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE ESTABLECE UNHA REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA PARA AS PERSOAS EXTRANXEIRAS
Artículo único: Modificación de la disposición transitoria primera de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social.

Se modifica la disposición transitoria primera de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social con la siguiente redacción:

"Disposición transitoria primera. Regularización de extranjeros que se encuentren en España.

El Gobierno, mediante Real Decreto, establecerá, en el plazo de 6 meses, un procedimiento para la regularización de los extranjeros que se encuentren en territorio español antes del día 1 de noviembre de 2021" .

Terceiro.- Dar traslado do Acordo a Plataforma "Esenciales"

Cuarto.- Dar traslado do Acordo a presidencia do Goberno.

Quinto.- Dar traslado do Acordo a Presidencia do Congreso dos deputados e ao conxunto de grupos parlamentarios.

Sexto.- Dar traslado do acordo á Federación Española de Municipios y Provincia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, solicitando que fagan extensible o acordo aos concellos coa invitación a que se sumen a esta campaña.

Sétimo.- Publicitar o contido do acordo a través dos medios de comunicación comarcais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción conxunta presentada polos Grupos Políticos Municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila en apoio á campaña da ILP Esenciais.

Polo grupo político municipal do BNG presentase a seguinte emenda de adición:

"O Goberno garantizará a protección e os mecanismos de vixilancia dos Dereitos Humanos en toda a fronteira sur, respectando os acordos internacionais, especialmente o Estatuto das Persoas Refuxiadas, e atendendo á particular vulnerabilidade das menores."

Polos/as Concelleiros/as dos grupos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila, e :

Primeiro.- Apoiar a campaña da iniciativa lexislativa Popular (ILP) "ESENCIALES" para unha regularización extraordinaria de persoas migrantes no Estado Español adheríndose, ademais, á mesma co propósito de colaborar na súa difusión e comprometéndose a organizar actividades de información, sensibilización e concienciación, así como actos de recollida de firmas para a ILP.

Segundo.- Apoiar o seguinte TEXTO ARTICULADO DA PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE ESTABLECE UNHA REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA PARA AS PERSOAS EXTRANXEIRAS
Artículo único: Modificación de la disposición transitoria primera de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social.

Se modifica la disposición transitoria primera de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social con la siguiente redacción:

"Disposición transitoria primera. Regularización de extranjeros que se encuentren en España.

El Gobierno, mediante Real Decreto, establecerá, en el plazo de 6 meses, un procedimiento para la regularización de los extranjeros que se encuentren en territorio español antes del día 1 de noviembre de 2021.

El Gobierno garantizará la protección y los mecanismos de vigilancia de los Derechos Humanos en toda la frontera sur, respetando los acuerdos internacionales, especialmente el Estatuto de las Personas Refugiadas, y atendiendo a la particular vulnerabilidad de las menores" .

Terceiro.- Dar traslado do Acordo a Plataforma "Esenciais"

Cuarto.- Dar traslado do Acordo a presidencia do Goberno.

Quinto.- Dar traslado do Acordo a Presidencia do Congreso dos deputados e ao conxunto de grupos parlamentarios.

Sexto.- Dar traslado do acordo á Federación Española de Municipios y Provincia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, solicitando que fagan extensible o acordo aos concellos coa invitación a que se sumen a esta campaña.

Sétimo.- Publicitar o contido do acordo a través dos medios de comunicación comarcais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA O DESENVOLVEMENTO DOS DEREITOS DAS PERSOAS TRANS E LGTBI. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 21 de xuño de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DOS DEREITOS DAS PERSOAS TRANS E LGTBI

O 30 de xuño de 2005, España fixo historia coa aprobación dunha modificación no código civil en favor do matrimonio igualitario. Cando o 3 de xullo dese mesmo ano a lei entrou en vigor, o país converteuse no terceiro do mundo en dar un paso tan importante no recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI. Aquilo abriu un camiño sobre o que, pouco a pouco e grazas ao puxo do colectivo nas rúas, foise avanzando nas conquistas.

Sen embargo, a partires de 2011, coincidindo coa entrada no Goberno do Partido Popular, este progreso comezou a ralentizarse, como demostran os datos no mapa e índice Rainbow Europe, que clasifica a situación legal e política das persoas LGTBI en 49 países europeos e que este 2022 coloca a España no 11º posto, despois de caer cinco lugares en só un ano e ata nove na última década.

Segundo a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e Máis (FELGTBI+), na actualidade, as principais causas de descenso nesta lista xiran en torno ao recoñecemento das persoas non binarias e ao dereito á autodeterminación, sendo que no caso concreto de España, a organización sinala a desigualdade lexislativa entre territorios como o factor determinante no empeoramento

nas notas do país. E é que hoxe por hoxe, cada territorio conta coa súa propia norma e Asturias e Castela e León seguen sen aportar ningunha lei autonómica de dereitos LGTBI. Dito doutro xeito: España precisa aprobar unha lei trans e LGTBI estatal que iguale á alza os dereitos nas 17 comunidades autónomas e nas dúas cidades autónomas.

Por se fose pouco, á parálise lexislativa súmase agora e cada vez con máis forza a irrupción da ultradereita nas institucións e, con ela, a normalización dos discursos de odio que avalan a LGTBIfobia. Segundo informes do Ministerio do Interior, en 2021, os delitos por orientación sexual ou identidade de xénero foron a segunda causa de delitos de odio en España, e a que máis medra: os incidentes denunciados o ano pasado foron 477 fronte aos 277 de 2020. En resumo, un de cada catro delitos de odio en España son contra o colectivo LGTBI.

É de xustiza social que se cumpra o acordo de Goberno e se aprobe unha lei trans e LGTBI estatal que prevea e elimine a discriminación que sofren as persoas LGTBI e que, á súa vez, garanta a reparación, pero, tamén, a igualdade real e efectiva dos seus dereitos, tal e como recolle o artigo 9.2 da Constitución. Que todas, todos e todes temos o dereito a ser en diversidade e a vivir dignas e libres.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Que a Corporación Municipal inste ao Goberno Estatal a acelerar os trámites parlamentarios para aprobar a lei trans e LGTBI, a cal:

1. Como xa fixo a Organización Mundial da Saúde, recoñecerá que as persoas trans non sofren ningunha patoloxía e recollerá o expresado na Resolución do Consello de Europa en 2015 na que se pide aos Estados parte desenvolver procedementos rápidos, transparentes e accesibles baseados na autodeterminación de xénero e se recomenda eliminar a obrigatoriedade dos tratamentos médicos ou de diagnósticos de saúde mental para poder acceder ao cambio de nome e sexo no rexistro.

2. Prohibirá en todo o territorio as chamadas "terapias de reconversión" que non son máis ca torturas ideolóxicas e que están proscritas por todas as organizacións profesionais de referencia así como polo Colexio Oficial de Psicólogos polos danos que poden provocar.
3. Dotará de plena igualdade de dereitos ás mulleres lesbianas e bisexuais no acceso ás técnicas de reprodución asistida e na filiación das súas crianzas sen que teñan que recorrer ao matrimonio.
4. Incluirá un currículo inclusivo para o alumnado e o profesorado e promoverá valores de igualdade e non discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero.
5. Avanzará nas recomendacións establecidas pola Comisión Europea na súa primeira Estratexia de Igualdade LGTBIQ 2020-2025, incluíndo a transversalidade e a interseccionalidade para os dereitos LGTBI estean presentes en todos os ámbitos de acción gubernamental.
6. Garantirá a libre determinación da identidade de xénero para todas as infancias trans e os dereitos das persoas LGTBI migrantes e/ou en situación administrativa irregular.
7. Protexerá os dereitos das persoas non binarias outorgando a posibilidade de que a casilla referida ao sexo quede en branco nos documentos oficiais

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para o desenvolvemento dos dereitos das persoas Trans e LGTBI.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, e:

PRIMEIRO. Instar ao Goberno Estatal a acelerar os trámites parlamentarios para aprobar a lei trans e LGTBI, a cal:

1. Como xa fixo a Organización Mundial da Saúde, recoñecerá que as persoas trans non sofren ningunha patoloxía e recollerá o expresado na Resolución do Consello de Europa en 2015 na que se pide aos Estados parte desenvolver procedementos rápidos, transparentes e accesibles baseados na autodeterminación de xénero e se recomenda eliminar a obrigatoriedade dos tratamentos médicos ou de diagnósticos de saúde mental para poder acceder ao cambio de nome e sexo no rexistro.
2. Prohibirá en todo o territorio as chamadas "terapias de reconversión" que non son máis ca torturas ideolóxicas e que están proscritas por todas as organizacións profesionais de referencia así como polo Colexio Oficial de Psicólogos polos danos que poden provocar.
3. Dotará de plena igualdade de dereitos ás mulleres lesbianas e bisexuais no acceso ás técnicas de reprodución asistida e na filiación das súas crianzas sen que teñan que recorrer ao matrimonio.
4. Incluirá un currículo inclusivo para o alumnado e o profesorado e promoverá valores de igualdade e non discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero.
5. Avanzará nas recomendacións establecidas pola Comisión Europea na súa primeira Estratexia de Igualdade LGTBIQ 2020-2025, incluíndo a transversalidade e a interseccionalidade para os dereitos LGTBI estean presentes en todos os ámbitos de acción gubernamental.
6. Garantirá a libre determinación da identidade de xénero para todas as infancias trans e os dereitos das persoas LGTBI migrantes e/ou en situación administrativa irregular.

7. Protexerá os dereitos das persoas non binarias outorgando a posibilidade de que a casilla referida ao sexo quede en branco nos documentos oficiais

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA O CONTROL E COIDADADO DAS COLONIAS FELINAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 21 de xuño de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA O CONTROL E COIDADADO DAS COLONIAS FELINAS

O habitual abandono de gatos domésticos, conxugado coa súa capacidade reprodutiva, ten como consecuencia o xurdimento de colonias felinas descontroladas e a presenza de gatos vagabundos en zonas urbanas en condicións non aptas para a súa supervivencia e dos que resultan problemas de convivencia coa veciñanza e con outras especies silvestres e a fauna das zonas adxacentes ás colonias.

Entidades como a Organización Mundial da Saúde (OMS) e a Asociación de Veterinarios españois especializados en pequenos animais e numerosos traballos de investigación avalan o control reprodutivo mediante a aplicación de programas de captura, esterilización e solta (CES), que supón unha boa política de control da poboación felina desde o punto de vista da saúde pública e do benestar animal, complementada por outras medidas de potenciación da tenencia responsable de animais.

A Declaración Universal dos Dereitos dos animais, tratados internacionais ratificados por España e os regulamentos e directivas da Unión Europea en protección animal insisten na necesidade de establecer políticas nesta materia. O programa CES é unha alternativa ética e respectuosa, que en colaboración con voluntarios e entidades sen ánimo de lucro, permite unha adecuada protección animal, resolvendo á vez as molestias ocasionadas aos/as veciños/as.

O anteproxecto de Lei de Benestar Animal denomina colonia felina ao "grupo de gatos urbanos vinculados entre si e, especialmente, co territorio que habitan e no que teñen os seus recursos de subsistencia". Tamén define a figura de coidador/a de colonia felina como "a persoa voluntaria que atende aos gatos urbanos seguindo un método de xestión ética de colonias felinas, sen que poida considerarse persoa titular dos gatos da mesma".

En Vilagarcía de Arousa, a asociación Protectora de Animais contabilizaba 54 colonias felinas no ano 2019. O coidado e estado das distintas colonias é desigual e depende en gran parte da labor de persoas voluntarias que procuran alimento e benestar para os felinos. O convenio coa protectora para o ano 2021 que incluía a xestión do refuxio de Pinar de Rei e o control de colonias felinas ascendía a 25.000€ anuais. Atendendo á realidade, esta contía económica non é suficiente para un control eficiente da poboación das colonias existentes e precisaríase da habilitación de maiores recursos veterinarios e humanos para atender a situación actual. Asemade, estas colonias non están sinalizadas nin dispoñen de espazos seguros e habilitados para a protección dos felinos da climatoloxía e demais elementos externos.

Na edición actualizada a 9 de marzo de 2022 do Código de Protección y Bienestar animal do Estado español, o seu Artigo 28. Control de poboacións de animais en zonas urbanas., establece que:

1. Corresponde aos municipios velar para que as colonias felinas non produzan molestias aos veciños, nin aos seus bens, e evitar que se dea lugar a unha masificación do número de colonias

ou do número de gatos que albergan.

Evitarán igualmente que afecten a especies silvestres e ao medio natural lindeiro co centro urbano. A tales efectos solicitarán a coordinación necesaria do organismo competente en protección do medio natural.

O detalle destes programas, da localización das colonias felinas e dos seus resultados deberá ser comunicado anualmente á Consellería competente en materia de benestar animal.

E tamén no artigo 26. Colonias felinas:

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións da contorna permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, a quen compete a vixilancia e control sanitario destas poboacións.

Debemos recordar que a corporación vilagarcía aprobou no seu pleno de outubro de 2019 unha moción que incluía o seguinte punto sen que a día de hoxe se lle dese cumprimento:

- Comprometer ao Concello de Vilagarcía de Arousa na aprobación dunha Ordenanza Municipal de Protección Animal e Convivencia Responsable para o ano 2020 contando cun proceso participativo con todos os axentes sociais e políticos implicados na materia.

É fundamental que o Concello de Vilagarcía dea un paso adiante e asuma a súa responsabilidade como principal entidade xestora para o control das colonias felinas establecendo un marco de colaboración claro con asociacións e persoas voluntarias.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

1. Protexer aos gatos da rúa aplicando a lexislación vixente sobre maltrato animal que se incluírá na futura ordenanza municipal de benestar animal para a súa aprobación á maior brevidade.

2. Levar a cabo e documentar, na medida do posible, un censo municipal de colonias felinas identificando os animais que as compoñen.

3. Sinalizar os lugares onde se atopan as colonias felinas existentes e fomentar convenios de colaboración con clínicas veterinarias para que complementen a actividade das entidades actuais na aplicación do programa CES para a súa esterilización.

4. Avanzar de maneira progresiva na implantación do método CES no Concello de Vilagarcía de Arousa estudando para isto a dotación de partidas orzamentarias suficientes para garantir dita progresividade.

5. Favorecer e protexer o labor dos voluntarios que coidan as colonias estudando acreditarlles a través da emisión dun carné ou xustificante da actividade .

6. Estudar a posibilidade de establecer unha axuda económica para a alimentación estable dos animais xestionada polos voluntarios acreditados.

7. Acondicionar as zonas das colonias felinas cos elementos que garantan o coidado e benestar dos animais como poden ser casetas para resgardarse das condicións climatolóxicas.

8. Realizar talleres de educación contra o abandono e malos tratos animal, así como campañas que conciencien da necesidade de esterilización de animais domésticos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para o control e coidado das colonias felinas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5) BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para o control e coidado das colonias felinas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 21 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xuño de 2022 a seguinte:

Moción para a transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre

EXPOÑEN

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Desde a comunidade galega reclámase esta xestión principalmente porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaríaa simplificación de trámites e evitaríaa duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveis administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral galego están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios (entre os que se inclúe Vilagarcía) e que, ademais, a transferencia da xestión permitiríaa rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo mar-industria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia. Tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre.

En Vilagarcía de Arousa, a 21 de xuño de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP para a transferencia da competencia sobre a xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1), tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12).

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP para a transferencia da competencia sobre a xestión do Dominio Público Marítimo-Terrestre.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DA LIMPEZA, O MANTEMENTO E A SEGURIDADE NA CONTORNA DO SUPECO:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 30 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 21 de xuño de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xuño de 2022 a seguinte:

Moción para a mellora da limpeza, o mantemento e a seguridade na contorna do aparcadoiro do SUPECO

EXPOÑEN

O barrio das Carolinas converteuse durante os últimos anos nun dos principais núcleos poboacionais de Vilagarcía, sendo elixido por cada vez máis xoves e familias para asentarse. Sen embargo, este incremento da súa densidade demográfica non vai paralelo á necesaria mellora dos servizos municipais prestados na zona.

De feito, a veciñanza leva moito tempo demandando múltiples melloras neste barrio en aspectos que van dende o simple mantemento dos espazos públicos ata un incremento da seguridade na zona. Neste sentido, algunhas das súas principais reclamacións pasan por: arranxar o mobiliario urbano deteriorado, incrementar a limpeza e a vixilancia policial ou corrixir diversas eivas en materia de seguridade viaria.

A solución a estas demandas sería fácil e rapidamente executable por parte do Goberno local, ademais de que o seu custo non sería demasiado elevado. Trataríase simplemente de que o Concello de Vilagarcía exercese as competencias propias que a lexislación lle atribúe en materia de seguridade, ordenación do tráfico, conservación das vías públicas e limpeza viaria.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que o Concello de Vilagarcía limpe e arranxe as beirarrúas deterioradas no barrio das

- Carolinas, especialmente na contorna do aparcadoiro do SUPECO (rúas Asturias, Catoira, Daniel Espiño e Valladares). E, no caso de aquelas beirarrúas que non sexan competencia municipal, se poña en contacto cos propietarios para levar a cabo este arranxo e/ou modificación.
2. Que o Concello de Vilagarcía incremente o número de papeleiras no aparcadoiro do SUPECO e na súa contorna (rúas Asturias, Catoira, Daniel Espiño e Valladares), arranxe as xa existentes que estean deterioradas e/ou proceda a substituílas por unhas novas.
 3. Que o Concello de Vilagarcía pode as árbores emprazadas na intersección entre as rúas Daniel Espiño e Catoira coa Avenida das Carolinas dun xeito que se eviten os problemas derivados da diseminación da peluxe destas árbores, como o atasco dos sumidoiros ou as humidades nos edificios próximos.
 4. Que o Concello de Vilagarcía, no marco das súas competencias, actúe da maneira que considere precisa para incrementar a vixilancia policial na zona do aparcadoiro do SUPECO e na súa contorna.
 5. Que o Concello de Vilagarcía proceda a retirar os dous vehículos abandonados no aparcadoiro do SUPECO.
 6. Que o Concello de Vilagarcía corrixa a sinalización horizontal e vertical que actualmente resulta contraditoria no aparcadoiro do SUPECO dun xeito que facilite o acceso dos residentes aos seus garaxes/elevadores. Ou, no caso de que estes traballos non sexan competencia municipal, se poña en contacto con quen corresponda para levalos a cabo.
 7. Que o Concello de Vilagarcía corrixa o déficit de colectores de lixo na contorna do aparcadoiro do SUPECO, incrementándoos nun número que permita garantir o seu servizo.
 8. Que o Concello de Vilagarcía arranxe o pavimento ao longo da Rúa Catoira e limpe a maleza presente nas beirarrúas.
 9. Que o Concello de Vilagarcía elabore un proxecto para rematar a Rúa Valladares (cuxo último tramo está sen firme, sen beirarrúas e sen luz) que inclúa ademais medidas para o calmado do tráfico nesta rúa

En Vilagarcía de Arousa, a 21 de xuño de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP para a mellora da limpeza, o mantemento e a seguridade na contorna do SUPECO.

- Sendo as 20:40 horas auséntase da sesión plenaria a Sra. Outón Casal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1), e Ciudadanos (1), e ibce abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

ACORDOS

1. Que o Concello de Vilagarcía limpe e arranxe as beirarrúas deterioradas no barrio das Carolinas, especialmente na contorna do aparcadoiro do SUPECO (rúas Asturias, Catoira, Daniel Espiño e Valladares). E, no caso de aquelas beirarrúas que non sexan competencia municipal, se poña en contacto cos propietarios para levar a cabo este arranxo e/ou

- modificación.
2. Que o Concello de Vilagarcía incremente o número de papeleiras no aparcadoiro do SUPECO e na súa contorna (rúas Asturias, Catoira, Daniel Espiño e Valladares), arranxe as xa existentes que estean deterioradas e/ou proceda a substituílas por unhas novas.
 3. Que o Concello de Vilagarcía pode as árbores emprazadas na intersección entre as rúas Daniel Espiño e Catoira coa Avenida das Carolinas dun xeito que se eviten os problemas derivados da diseminación da peluxe destas árbores, como o atasco dos sumidoiros ou as humidades nos edificios próximos.
 4. Que o Concello de Vilagarcía, no marco das súas competencias, actúe da maneira que considere precisa para incrementar a vixilancia policial na zona do aparcadoiro do SUPECO e na súa contorna.
 5. Que o Concello de Vilagarcía proceda a retirar os dous vehículos abandonados no aparcadoiro do SUPECO.
 6. Que o Concello de Vilagarcía corrixa a sinalización horizontal e vertical que actualmente resulta contraditoria no aparcadoiro do SUPECO dun xeito que facilite o acceso dos residentes aos seus garaxes/elevadores. Ou, no caso de que estes traballos non sexan competencia municipal, se poña en contacto con quen corresponda para levalos a cabo.
 7. Que o Concello de Vilagarcía corrixa o déficit de colectores de lixo na contorna do aparcadoiro do SUPECO, incrementándoos nun número que permita garantir o seu servizo.
 8. Que o Concello de Vilagarcía arranxe o pavimento ao longo da Rúa Catoira e limpe a maleza presente nas beirarrúas.
 9. Que o Concello de Vilagarcía elabore un proxecto para rematar a Rúa Valladares (cuxo último tramo está sen firme, sen beirarrúas e sen luz) que inclúa ademais medidas para o calmado do tráfico nesta rúa

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

- 1) Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
- 2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

- Sendo as 21:00 horas incorpórase á sesión a Sra. Outón Casal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220630&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.